

## Bases Concurso de Literatura mariñeira BUEUINFORMA 2010 .

**PARTICIPANTES.** Poden participar neste concurso os escolares pertencentes aos niveis de infantil, primaria, secundaria obrigatoria (ESO) e bacharelato, escolarizados nos centros de:

Instituto de educación secundaria Illa de Ons  
Instituto de educación secundaria Johan Carballeira  
Colexio concertado Virxe Milagrosa  
Colexio de educación infantil e primaria A Pedra  
Colexio de educación infantil e primaria da Torre-Cela  
Colexio de educación infantil e primaria Montemogos de Beluso  
Instituto de Educación Secundaria Pedra da Auga de Pontearreas  
Colexio Sagrado Corazón de Celanova.

Tamén o poderán facer aqueles escolarizados noutros centros que residan no Concello de Bueu.

**NIVEIS.** En función dos cursos establécense oito categorías de participación:

- Infantil
- Primaria
  - 1º ciclo
  - 2º ciclo
  - 3º ciclo
- 1º y 2º de ESO
- 3 Y 4º de ESO
- Bacharelato
- PCPI

**TEMÁTICA E EXTENSIÓN.** A temática será a literatura mariñeira en todos os seus ámbitos. Os alumnos de infantil e 1º ciclo de primaria realizarán un traballo colectivo por clase de formato libre.

Os traballos serán presentados en soporte dixital (Word, OpenOffice, etc.). Os traballos non poderán ocupar máis de dúas páxinas, con espaciado sinxelo, tamaño de letra 10 e tipo de letra Century Gothic.

As persoas que queiran participar no concurso deberán colgar os traballos na web do proxecto. Os participantes deberán rexistrarse na web [www.bueuinforma.org](http://www.bueuinforma.org). Na sección de **concursos** habilitarase un formulario onde se introducirán os datos persoais do participante, e solicitarase o texto a presentar, que debe conter no encabezado un título. Poderase colgar, se o autor o deséxa, unha fotografía relacionada coa temática (sempre que non supere o tamaño máximo de 400 pixels no seu lado máis longo, e un peso non maior de 250kb). Na web danse instrucións de como realizar a subida dos traballos. Se o autor o prefire pode remitir o seu traballo (en formato electrónico, segundo as especificacións descritas e cos datos persoais incluíndo o colexio, curso e un teléfono de contacto) á dirección: [info@bueuinforma.org](mailto:info@bueuinforma.org), e o seu traballo será colgado na web. Só se valorarán aqueles traballos que cumpran coas bases do presente concurso.

